

X A N E I R O

Escrita nena
cando te gaben chamándote fea,
non escribes a ningún.
Si queren pecharte no
espello dunha soidade diferente,
ti és que vivir non és que agradar.
A beleza está dentro da vida.
Cando che len carapuchiña vermella,
Quérenche mostrar o medo
De escoller por ti mesma o camiño.

Estate atenta nena,
Os verdadeiros lobos son aqueles
Que matarán a túa liberdade.
Cando che len Brancaneves
É para converterte nunha criada...

Rebélate nena
É humillante servir se non é un xesto recíproco.
Cando che len a Bela Durminte
Estánche a inxectar un potente veneno
Para frear as túas ideas...

Es doce ou domesticáronte?
Cando che din que es pulida e ordenada
Pobre nena, estás xa enferruxada
fixeron de ti unha estatua
Que non se emporca porque non se move.
Cando che ensinan a vivir triste
Proba a tolemia, nena.
A dor é unha realidade
Que se debe afrontar cando se presenta
Non un valor sobre o cal edificar a vida.
Sobre as nosas vidas infelices
Demasiados homes viviron de rendas
A felicidade é o maior desafío
quen pensa xa que sexa unha utopía?
Moita sorte nena

Fragmento de poema dedicado a unha nena,
de María Teresa D'Amor
Traducido do italiano pola Secretaria da
Muller do STEG

PARA AS QUE CONCILIAN,
... AS QUE TEÑEN TRIPLA XORNADA
... AS QUE XA NON DAN ABASTO,
... PARA AS QUE COIDAN,
... PARA AS QUE NINGUÉN COIDA.

PARA AS MOZAS,
... PARA AS QUE SE XUBILAN PRONTO.
...AS MAIS, AS QUE NON O SON,
...AS QUE LLES GUSTARÍA SELO
...AS QUE SOFREN ACOSO NO TRABALLO
...AS QUE FALAN,
...AS QUE ESCOITAN,
...AS QUE DENUNCIAN,
...AS QUE PROTESTAN,

PARA AS QUE MANTENEN A ILUSIÓN...
DE QUE AS COUSAS PODEN CAMBIAR



X A N E I R O

L

M

Me

X

V

S

D

1

1996
Donna Haraway, bióloga e filósofa feminista publica "Ciencia, Cyborgs e Mulleres"

2

2003
Pasamento de Monique Wittig, escritora e teórica feminista francesa

3

1972
Falece Elisabeth Schiemann, xenetista e botánica que se opuxo ao nazismo

4

1990
Sae por 1º ano a Xenda Feminista Galega, que edita Mulleres Nacionalistas Galegas

5

1942
Morre Tina Modotti, fotógrafa, brigadista na guerra civil española

6

1945
Carmen Laforet gaña o I Premio Nadal pola súa novela "Nada"

7

1355
Inés de Castro executada en Portugal por razón de Estado. Reinará despois de morta

8

As nenas vítimas do infanticidio. En Asia "faltan" 100 millóns de nenas

9

1908
Nace Simone de Beauvoir, feminista, escritora e filósofa. "O Segundo Sexo"

10

1983
Publicase o 1º número de ANDAINA, revista galega de pensamento feminista

11

1980
Finou Celia Sánchez Manduley, figura mítica da revolución cubana

12

1976
Falece Agatha Christie, escritora inglesa de novelas de suspense

13

1916
No Iucatán, México, iniciase o I Congreso Feminista Nacional

14

1918
Nace Rosa Laviña, militou no exilio en Solidaridad Internacional Antifascista

15

1919
Morre Rosa Luxemburgo, revolucionaria, fundadora do Partido Comunista Alemán

16

1932
Nace Dian Fossey, zoológa especializada en gorilas

17

1911, Nieves Fariza Alonso, Mestra de formación e laboralista por vocación. Coñecida como "A Pasionaria Blanca".

18

Neste e noutros días Victoria Sentón, filósofa feminista, crea outra orde simbólica

19

1966
Indira Gandhi é elixida Primeira Ministra da India

20

1758
Nace Marie-Anne Paulze (Mme. Lavoisier), "mãe" da química moderna

21

1790
A Asemblea Nal. Francesa proclama a igualdade ante a lei excluindo ás mulleres

22

1952
Nace Amparo Cano García. Catedrática de bioquímica e investigadora en cancro

23

1622
María Soliño é sentenciada a morte por meiga, en Cangas do Morrazo

24

1889
Nace Marjory Stephenson, investigadora do metabolismo bacteriano

25

1882
Nace Virginia Wolf, escritora inglesa e feminista. "A Room of One's Own"

26

Margarida Ledo, Patricia Ferreira, Iciar Bollain, Isabel Coixet, G.Querejeta... cineastas

27

Tereixa Navaza, C.Sarmiento, Lola Álvarez, Montse Boix, e máis xornalistas comprometidas

28

1873
Nace a escritora Colette. Parte da súa obra publicouse co nome do seu marido

29

1997
Lotta Kronlidy inutiliza compoñentes armamentísticos dunha fábrica inglesa

30

1901
Nace Jimena Menéndez Pidal, mestra defensora da coeducación

31

1820
Nace Concepción Arenal, escritora galega, xornalista e experta en Dereito